



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. Núm.: 2019/C005/000006

Ref.: SLR

### **DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SÚPER SIMPLIFICADO DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN DO EVENTO FEIRA DO QUEIXO E DO MEL-GOENTE 2019”**

#### ANTECEDENTES DE FEITO

- No expediente consta o informe de necesidade asinado en data 10/09/2019 e o informe de insuficiencia de medios da mesma data. Tamén figura o prego de prescricións técnicas de data 10/09/2019.
- O prego de cláusulas administrativas ten data de setembro de 2019. O prego asinouse o día 20/09/2019.
- Con data 20/09/2019 a secretaria municipal emite informe xurídico favorable ao prego de cláusulas administrativas e á aprobación do expediente.
- O informe de fiscalización da intervención municipal núm. 659/2019 é de data 20/09/2019; no informe confírmase a existencia de crédito e fiscalízase de conformidade o expediente.

#### FUNDAMENTOS

Os artigos 28, 117.1, 135, e 159.6 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público; nos artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentarios e o Decreto nº 993/2019, de 24 de xuño, de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, no seu punto 1º c), que designa a Vicente Roca Uceira, como concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura.

Por iso, á vista dos antecedentes e fundamentos citados, RESOLVO:

- 1º) Aprobar o expediente de licitación do contrato mixto de subministración e servizos “Feira do queixo e do mel – Goente 2019”. O expediente tramitarase mediante procedemento aberto súper simplificado.
- 2º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación.
- 3º) Autorizar crédito por importe de 12 753,40€ con cargo á partida orzamentaria 338.226.08

As Pontes de García Rodríguez, 20 de setembro de 2019

O concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura

Vicente Roca Uceira